

Número IX

RE **VB** IGO

Revista da Facultade de Bioloxía. Universidade de Vigo

ANUARIO

Homenaxe a:

Baltasar Merino

- 2017 -

RE **VB** IGO

Revista da Facultade de Bioloxía. Universidade de Vigo

2017
ANUARIO

Volume IX

HOMENAXE A BALTASAR MERINO

1845 - 1917



Facultade de Bioloxía

Universidade de Vigo

Esta publicación foi financiada con fondos procedentes da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Todos os dereitos quedan reservados o equipo editor. Calquera reprodución total ou parcial sen permiso será considerado plaxio.

REVB IGO

Revista da Facultade de Bioloxía. Universidade de Vigo

CONSELLO EDITORIAL

Marisa Castro Cerceda	Profesora Titular da Área de Botánica. Dpto. de Bioloxía Vexetal e CC. do Solo.
Emilio Gil Martín	Profesor Titular da Área de Bioquímica. Dpto. de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
Fuencisla Mariño Callejo	Profesora Titular da Área de Zooloxía. Dpto. de Ecoloxía e Bioloxía Animal.
Manuel Megías Pacheco	Profesor Titular da Área de Bioloxía Celular. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde.
Pilar Molist García	Profesora Titular da Área de Bioloxía Celular. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde.
Manuel Ángel Pombal Diego	Profesor Titular da Área de Bioloxía Celular. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde.
Jonatan Reboredo Durán	Alumno egresado do Grao en Bioloxía.

COLABORADORES

Marisa Castro Cerceda	Profesora Titular da Área de Botánica. Dpto. de Bioloxía Vexetal e CC. do Solo.
Raúl Iglesias Blanco	Profesor Titular da Área de Parasitoloxía. Dpto. de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
Mercedes Gallardo Medina	Profesora Titular da Área de Fisioloxía Vexetal. Dpto. de Bioloxía Vexetal e CC. do Solo.
Jesús M. Míguez Miramontes	Profesor Titular da Área de Fisioloxía Animal. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde.
Castor Muñoz Sobrino	Profesor Titular da Área de Botánica. Dpto. de Bioloxía Vexetal e CC. do Solo.

Manuel Ángel Pombal	Profesor Titular da Área de Bioloxía Celular. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde
Fuencisla Mariño Callejo	Profesora Titular da Área de Zooloxía. Dpto. de Ecoloxía e Bioloxía Animal.
María Jesús Iglesias Briones	Catedrática da Área de Zooloxía. Dpto. de Ecoloxía e Bioloxía Animal.
Emilio Rolán Álvarez	Catedrático da Área de Xenética. Dpto. de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
Humberto Quesada Rodríguez	Profesor Titular da Área de Xenética. Dpto. de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
Marcos A. López Patiño	Profesor Titular da Área de Fisioloxía. Dpto. de Bioloxía Funcional e CC. da Saúde.

Maquetación:

Jonatan Reboredo Durán

Edita: Decanato da Facultade de Bioloxía

Jesús M. Míguez Miramontes	Decano
Mercedes Gallardo Medina	Vicedecana
Vicenta Martínez Zorzano	Vicedecana
Fuencisla Mariño Callejo	Vicedecana
Aida García Molares	Secretaría

ISSN: 2386-8929

Ciencia: Vocación e Paixón	1
Baltasar Merino. Un adiantado ao seu tempo	2
Divulgación da botánica na Facultade de Bioloxía	6
Unha década de aprendizaxe O atlas de histoloxía vexetal e animal	8
Entonar a porta	11
Delegación de Alumnos de Bioloxía "Lynn Margulis" Quen somos e como traballamos?	13
Conferencia inaugural curso académico 2017/18 Astrobioloxía: La vida al límite	17
Actividades de San Alberte 2016	
A bioxeografía da cor, Jorge Paiva	28
Para que nos serve a mente, Xurxo Mariño	30
Concurso de Fotografía	31
Concurso de Debuxo Biolóxico	33
Cineforum de Bioloxía	35
A experiencia do "Incubi- Emprende" 2016	39
Acto de Graduación da Promoción 2012/2016	
Orla	41
Discurso madriña	41
Discurso padriño	43

Traballos Académicos

Evaluation of antioxidant capacity in several commercial varieties of date palm fruits. Latrach, S.; Verde Rodriguez, A.	47
Regulación de la ingesta y de la saciedad. Echave Álvarez, A.; Panebianco Barreiro, J.; Rafael Vidal, C.	56
Abundancia de flora vascular exótica invasora no monte Aloia. López Quiroga, E.	64
Linfocitos TH17. Importancia y función en patologías. Alonso Rial, J.C.	69
Los líquenes y la degradación/conservación del patrimonio arquitectónico. Gamboa Osorio, J.P.; Lago González, A.; Nieto Iglesias, J., Núñez Estévez, B.; Núñez González, C.	76
Papel dos neurotransmisores dopamina e serotonina na activación / desactivación da resposta ao estrés crónico en peixes teleósteos. Naderi, F.; Chivite Alcalde, M.	89
Revisión de la primera carpeta del herbario de José Arias Teijeiro, depositado en el convento de San Antonio de Herbón (Padrón, A Coruña). Carpena Rodríguez, M.; Rivas Ferreiro, M.	99
Variación espacial e temporal das comunidades de macroinvertebrados no río Fragoso (Ourense) en relación co impacto das minicentraís . Martínez Barciela, Y.	108
Plantas invasoras do Campus Universitario de Vigo. Reboreda Gómez, G.	119
El terrario de la Facultad de Biología. Pérez Lago, J.	126
Diseña tu prototipo "Piscícola". Barandela González, M., Carramal Pérez, S., García Ramírez, M.L., Gutiérrez Álvarez, S.M., Melón Rodríguez, I., París Barbeitos, N., Rodríguez Carín, M., Rodríguez Salas, C., Ruíz Domínguez, L., Veiga García, M.M.S.	131

OBXECTIVOS DE REVBIGO

No mundo da ciencia, os investigadores están obrigados a dar conta pública dos seus descubrimentos, de forma que o coñecemento da humanidade vese enriquecido progresivamente coas achegas de miles e miles de persoas que desempeñan labores científicos en todo o mundo. Ler, reflexionar, abstraerse, criticar, innovar e un longo etcétera de formas verbais poderían ser adxudicadas ao científico biólogo que traballa para descubrir as funcións dun constituínte celular, visualizar as capacidades dun fármaco para curar unha enfermidade, descifrar o xenoma dunha especie ou predicir as consecuencias do cambio climático sobre a avaliación e adaptación dos organismos. Son incalculables as novas ideas que se poñen en marcha nos laboratorios e nos centros de investigación co fin de achegar luz, abrindo novos camiños e metas a conseguir en investigacións que van xurdindo unha tras outra nunha infinidade.

A progresiva incorporación de tecnoloxías cada vez máis potentes para resolver problemas concretos pero de difícil consecución, a miúdo impensables pola súa complexidade, acelerou fortemente o impacto da ciencia na vida cotiá das persoas, rompendo as tradicionais barreiras da investigación científico técnica. Pero a realidade do momento fai que os investigadores se vexan a miúdo excedidos polo volume de artigos que aparecen nas revistas científicas especializadas, o que á súa vez actúa como émbolo de presión que lles empuxa nunha carreira vertixinosa cara á publicación inmediata das súas investigacións, con resultados non sempre ben medidos e contrastados. Nesta carreira ten un papel o Sistema Nacional de Ciencia e Tecnoloxía que premia de maneira contundente ao publicador por encima de calquera outro valor. Lonxe de incidir en controversia respecto diso, esta reflexión só pretende resaltar o valor do científico que busca unha orde nos fenómenos naturais, dando conta rigorosa á sociedade dos seus éxitos, pero tamén asumindo e reflectindo os resultados negativos da súa experimentación.

Un dos grandes obxectivos de REVBIGO é o permitir que os novos estudantes de Bioloxía

penétrense no apaixonante e a miúdo pouco coñecido mundo da investigación, sen un obxectivo finalista que force a aparición de novos resultados determinantes do proceso experimental. Trátase de implicarse nun proxecto que combine o estudo empírico e a consulta bibliográfica, que recolla evidencias xa publicadas ou que expoña situacións novas e aínda pouco escritadas. É, en definitiva, asumir o papel do investigador e do divulgador científico desde a base. Para o estudante é un motivo de ilusión que a recado estimulará a súa vocación científica, podendo servir de acicate para o inicio dunha etapa investigadora. Para os profesores que exercen de tiores do traballo publicado polo estudante, é un motivo de satisfacción que dá continuidade xeracional a unha actividade que forma parte do seu labor profesional e seguramente da súa orientación vocacional.

É por tanto un motivo de satisfacción para a Facultade de Bioloxía manter a súa aposta decidida por REVBIGO, a pesar das numerosas dificultades que leva a xestión editorial. Incidir nunha maior difusión da revista ao alumnado de Grao e de Másteres debe ser unha aposta do comité editorial para ampliar o espectro de traballos que se presentan e estender a súa presenza entre os novos valores científicos. O presente número da revista dedícase á figura de Baltasar Merino, reputado botánico e meteorólogo ao que se rendeu homenaxe como científico do ano 2017 en Galicia. O inventario do manto natural galego que recolle a súa obra de referencia "Flora descritiva e ilustrada de Galicia," publicado entre os anos 1905 a 1909, é todo un exemplo de entrega e paixón pola ciencia. Un exemplo que REVBIGO quere así trasladar en todo o seu valor e brillantez ao estudantado de Bioloxía; estimulando a súa vocación e paixón pola investigación e a divulgación científica. Un ano máis, manténdonos na senda do obxectivo marcado.

Jesús M. Míguez Miramontes
Decano da Facultade de Bioloxía

BALTASAR MERINO, UN ADIANTADO AO SEU TEMPO

Baltasar Merino Rollán naceu, no Muíño Pisón de Lerma (Burgos), o 6 de xaneiro de 1845. Fillo de muiñeiros, foi o quinto de seis irmáns que se criaron nas ribeiras do río Arlanza (Fig. 1).

Preparou os cursos de latinidade en Lerma recibindo as primeiras nocións de Matemáticas, Álgebra, Física, Química e por suposto, Latín, considerado por entón o alicerce fundamental de todas as ciencias.

Aos 15 anos ingresa no noviciado de Loiola (Guipúscoa) sentindo a chamada da Orde e alí permaneceu ata cumprir os 20 anos, desenvolvendo estudos de Filosofía e Humanidades nas etapas de noviciado e xuniorado.



Fig. 1. Muíño Pisón (Lerma, Burgos) sobre o regato Chico. Casa natal de Baltasar Merino.

Para continuar a súa formación xesuíta é destinado ao Colexio Máximo de León onde estudou Filosofía e Ciencias ata os 22 anos. A partir dese momento comezou a súa etapa de grandes viaxes, ao ser destinado ao Real Colexio de Belén na Habana (Cuba) para completar o Maxisterio e onde impartiu clases de Retórica e Matemáticas durante un trienio. Na súa estancia cubana tivo acceso no Colexio a unha magnífica biblioteca con máis de 11 mil volumes, un Museo de Historia Natural e un gabinete de Física e Química moi ben dotado con equipos imprescindibles para o estudo das ciencias. Ademais, o colexio contaba cun observatorio meteorolóxico co

que Merino puido familiarizarse. En 1870 chegou a La Habana, Benet Viñes Martorell (1837 1893) un sacerdote italiano que se fixo cargo do observatorio e realizou grandes contribucións ao estudo e predición de furacáns e tormentas tropicais.

Precisamente en 1870, Merino trasladouse a Woodstock (Maryland, Estados Unidos) para realizar os 3 primeiros anos de Teoloxía, previos á súa ordenación como sacerdote en 1873. En Woodstock coincidiu con algúns cregos napolitanos como Guiseppe Marra (1844 1915), enviados como misioneiros a terras recentemente descubertas e observadores atentos do mundo natural.

Ordenado sacerdote, realiza o último ano de Teoloxía, a denominada «Terceira Probación» en Larbey (Aquitania, Francia) a onde fora destinado en 1874, porque os xesuítas estaban expulsados de España desde a Revolución de 1868. Finalizado este período relixioso ascético, regresa en 1875 ao continente americano, neste caso ao Colexio Seminario de San Juan de Porto Rico onde permaneceu 5 cursos impartindo clases de Matemáticas e outras materias. Merino enfermou durante a súa estadía en Porto Rico e aconsellouse o seu traslado a España. Foi destinado por un ano á Comunidade Xesuíta de Sevilla para ser trasladado en 1880 ao Colexio de A Pasaxe de Camposancos (A Garda, Pontevedra).

Alí permaneceu os seguintes 5 cursos ata o seu destino temporal no Colexio Vasco de Orduña (Biscaia) en 1885. A aparición dun brote de peste bubónica no Colexio puido aconsellar o seu traslado. A partir dese momento, residiu ata practicamente o final da súa vida en A Garda, con viaxes ocasionais fóra das terras galegas.

O Colexio de A Pasaxe era dunha considerable magnitude cun Instituto de Ensino Elemental, o Seminario de San Xosé e unha Sección de Estudos Universitarios. Estes dous últimos foron o xerme das futuras Universidades de Comillas e Deusto. Dispuña de biblioteca, laboratorio de Química, gabinetes de Física e Historia Natural e un observatorio meteorolóxico, que fora creado en

1880 e instalado no maior e máis despexado xardín do Colexio, paralelo ao xardín botánico onde Merino cultivaría posteriormente algunhas das plantas recollidas no campo.

Nos primeiros cursos Merino dedicouse a tempo completo á docencia, impartindo clases de Inglés na sección universitaria e de Latín e Grego, Agricultura, Física, Química e Historia Natural no colexio. Foi ademais, durante algún tempo, Xefe de Estudos do Seminario.

Con todo, pronto foi abandonando paulatinamente as tarefas docentes como consecuencia da súa maior dedicación, primeiro ao observatorio meteorolóxico e, posteriormente, ao estudo da flora. Entre 1888 e 1906 foi o responsable do observatorio meteorolóxico que fora creado en 1879 polo P. Tomás Gómez no Colexio de A Garda (Pontevedra). A partir de 1892, compaxinou as tarefas docentes e meteorolóxicas coas investigacións sobre a flora de Galicia, que se converteron na súa principal ocupación a partir de 1899.

Merino dedicouse, coa minuciosidade e rigor que lle caracterizaban, ao estudo da meteoroloxía, alcanzando un nivel inigualable para a época. O observatorio contaba con termómetros de máxima e mínima, termógrafo, psicómetro, evaporímetro, pluviómetro, barómetro e ozonómetro. Comezou publicando en 1891 un resumo das observacións meteorolóxicas efectuadas no Colexio de Camposancos, realizadas no decenio anterior. E engadiu algúns comentarios sobre o clima da vila, como as especies indicadoras daquel, o uso da integral térmica para definir a adaptación ao clima de determinadas plantas, como o millo ou a vide, protocolos de previsión de temporais para os mariñeiros e unha colección de 34 refráns climatolóxicos da bisbarra. Ata 1897 seguiu publicando regularmente os resultados obtidos neste observatorio meteorolóxico nunha revista creada ao efecto, o Boletín do Observatorio de A Garda.

O 27 de febreiro de 1892 tivo lugar unha traxedia nas praias de Vila do Conde (Portugal), na que morreron 105 mariñeiros por un temporal, e que tivo gran repercusión en Galicia porque

algúns cadáveres apareceron nas costas galegas. Merino fíxose eco da traxedia no xornal «A Integridad» 11 días despois do suceso, sinalando que non tiña que terse producido de seguir os sinais que precederon á tormenta, e recomendando a adopción de medidas preventivas como o uso do barómetro por parte dos mariñeiros.

No ano seguinte, publicou un «Estudo sobre as borrascas na costa occidental de Galicia», que mereceu grandes eloxios entre as autoridades do momento, e que foi seguido en 1894 dun estudo físico químico sobre a auga meteórica. Finalmente, foi un pioneiro da ecoloxía ao publicar unha obra que relacionaba a vexetación espontánea coa temperatura, na cunca do Miño onde residía.

Precisamente esta obra e un pequeno opúsculo anterior foron o punto de partida das súas pescudas botánicas. Primeiro comezou realizando excursións botánicas na contorna de Camposancos, para amplialas a todo o val da desembocadura do Miño, nos municipios ribeiregos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Garda e nos costeiros de Oia e Baiona. Pero xa a finais desa década, empeza a ampliar os territorios de exploración sendo convidado por alumnos do colexio, sacerdotes, colegas de profesión ou polos seus superiores, estendendo as campañas de herborización ás catro provincias galegas, visitando persoalmente ou recibindo material de diferentes colaboradores de 156 concellos distintos de Galicia, case a metade do total.

Merino concibiu enseguida o proxecto dunha flora de Galicia. De feito, os títulos das súas primeiras publicacións, a serie «Contribución a la Flora de Galicia» non deixan lugar a dúbidas sobre as súas intencións. Cando xa alcanzara un grado de coñecemento exhaustivo das especies que crecían no territorio, publicou a «Flora descriptiva e Ilustrada de Galicia», un traballo que viu a luz entre 1905 e 1909 e que aínda hoxe, segue considerándose unha obra básica nos estudos da flora ibérica e a única que existe hoxe sobre Galicia.




Fig. 2. P. Baltasar Merino c. 1910
(Fonte: Luisier, 1917).

Dedicou o resto da vida a mellorar a súa obra cume, a «Flora», publicando anualmente engadidos e correccións á mesma, que non puideron abarcala por completo, pois o seu falecemento sobreveu antes de acometer a revisión do tomo terceiro.

Como base de todo este edificio científico, elaborou unha extensa colección de material herborizado que serviu para a confección do seu propio herbario e os que donou xenerosamente á Sección de Santiago da Real Sociedade Española de Historia Natural e ao Instituto de Ensino Medio de Pontevedra. A calidade destas coleccións reflíctense na Medalla de Ouro que obtivo en 1896 pola presentación do herbario do Miño no Congreso Rexional de Lugo. Aínda hoxe, os herbarios de Merino constitúen unha das representacións máis completas das plantas de Galicia, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo.

Merino ampliou o catálogo de plantas de Galicia en máis de 900 taxons e describiu e denominou máis de 700 taxons novos, unha proeza non igualada dende entón. Describiu dous xéneros novos (*Homophyllum* e *Verinea*), 70 especies, máis de 400 variedades e case 200 formas, a máis doutras categorías taxonómicas.

Ao final da súa vida, mostrou tamén interese polas briófitas, publicando un traballo sobre as que apañara en Galicia co apoio de Julius Clowacki, quen en 1909 lle invitou ao intercambio de materiais.

Mantivo contactos con diferentes colegas ao longo da súa vida como Carlos Pau, Víctor López Seoane, Michel Gandoger, Júlio Augusto Henriques, Gonçalo Sampaio, Blas Lázaro e Ibiza ou Joseph Henri Lévillé, con quen intercambiaba material e documentación.

Presentado por López Seoane e Ignacio Bolívar, Merino foi aceptado como socio na Sociedade Española de Historia Natural, e por Longino Navás, na Sociedade Aragonesa de Ciencias Naturais. Foi nomeado Vicepresidente da Xunta Directiva do Primeiro Congreso de Naturalistas Españóis, celebrado en Zaragoza, os días 7-10 de Outubro de 1908. En 1912, foi aceptado como membro da Academia Internacional de Xeografía Botánica de Mans, e tres anos despois foi elixido Director desa mesma Academia, un fito sen precedentes entre os seus contemporáneos españois. Antes, en 1913, Merino xa fora elixido Presidente da Sociedade Aragonesa de Ciencias Naturais para o ano 1914.

Tampouco eludiu as súas responsabilidades cos colegas galegos e facilitou a súa integración nas estruturas científicas da época ao propoñer como socios da Sociedade Española de Historia Natural a Francisco Novoa Álvarez, médico municipal de Tomiño en 1899; a Julián José Urdariz de San Ciprián en 1900 e a Rafael Areses en 1903; tamén presentou con Longino Navás, a Alejandro de Colomina e Cárol de Pontevedra en 1907, neste caso á Sociedade Aragonesa de Ciencias Naturais.

Participou na organización de visitas de reputados especialistas a Galicia como a do P. Longino Navás, que permitiu descubrir especies novas de neurópteros para Galicia, ou as invitacións reiteradas a Carlos Pau para que visitase Galicia, viaxe que non chegou a efectuarse.

Atento observador do mundo natural, os diversos materiais que recollía no campo eran doados puntualmente a diferentes sociedades ou

entregados a especialistas. Enviou mostras de liques a P. Longino Navás, briófitas a Luisier ou cogomelos a Sobrado Maestro. Donou un fósil de *Cyathocrinus pinnatus* atopado nos xistos devónicos de Pontearas, e mesmo remitiu información sobre os terremotos observados no sur de Galicia a Navarro Neumann. Merino tamén realizou donativos de minerais, como unha peza de olixisto sobre cuarzo concrecionado de San Xoán de Tabagón ou unha pirolusita de A Garda.

En 1916 o Colexio de A Pasaxe trasladouse a Vigo, e con el o noso protagonista, cunha saúde precaria, coa idea de que o clima da cidade melloraría o seu estado de saúde. Non foi así e decidiuse o seu traslado á Escolástica de Oña (Burgos) a principios do ano seguinte. Lamentablemente, tampouco alí se observou melloría algunha e a mediados de xuño de 1917 regresou a Vigo. Merino tiña a secreta esperanza de volver á Camposancos, invitado polos xesuítas portugueses que naquel momento ocupaban o colexio. Con todo, o seu estado empeorou rapidamente e faleceu o 3 de xullo de 1917, sendo enterrado no cemiterio de Pereiró (Vigo).

A noticia causou fonda consternación na

comunidade científica e publicáronse necrolóxicas nos boletíns da Real Sociedade Española de Historia Natural e da Sociedade Aragonesa de Ciencias, en Brotéria e na Razón y Fe, publicacións coas que colaboraba habitualmente e que enxalzaban tanto as súas calidades e logros como investigador como o seu carácter afable e humilde.

Lonxe de recoñecementos, e afastado de calquera rebumbio sobre os seus éxitos, poucos días antes do falecemento escribía ao seu superior pedíndolle regresar desde Vigo ao seu lugar preferido, o concello de A Garda, ás suaves costas de Camposancos, entre o río Miño e os vastos horizontes do océano.

Rubén Pino

Autor da Tese «Revisión nomenclatural y tipificación de nombres nuevos en Cormophyta de Baltasar Merino»

DIVULGACIÓN DA BOTÁNICA NA

Como se fixo hai uns anos nos corredores de Zooloxía-Ecoloxía e de Citoloxía-Fisioloxía Animal este curso decidíuse incluír no de Botánica-Fisioloxía Vexetal algunhas vitrinas con obxectos relacionados coa botánica: espécimes secos, bugallas, maquetas, fósiles, sementes, froitos, piñas, traballos etnobotánicos,... co fin de facilitar que os alumnos interesados nos temas botánicos: plantas, algas e fungos poidan aproximarse a eles (Fig.1).

As vitrinas están coroadas por dous «posters», un coa clasificación da biota en 7 reinos, consensuada por Ruggiero e colaboradores en 2015, e outro, cos extraordinarios debuxos de Alexandra Skinner, no que se invita a coñecer as especies comestibles de cogomelos e as tóxicas coas que se poden confundir.



Fig. 1. Imaxe das vitrinas

Moitos observadores se preguntan como están conservados os fungos, así que vou quitarlos de dúbidas. Hai fungos secos directamente ao ar como a trufa, a zarrota ou os que teñen consistencia de corcho, outros son liofilizados e barnizados (base de plástico) e por último, hainos que son maquetas en resina (a base é de madeira). Os dous últimos foron adquiridos comercialmente a unha empresa especializada.

É de salientar a colección de sementes andinas doadas por unha alumna do Programa Universitario de Maiores (manifestou o desexo de permanecer no anonimato) a de fósiles, doada por o ex-alumno Manuel García Dávila e o

profesor Castor Muñoz a de bugallas, polo ex-alumno Sergio Rojo, e a colección de cestiñas feitas con carozos de froitos (sementes e endocarpo de drupas) polo médico Francisco X. Martins.

Na exposición para diferenciar inmediatamente organismos autótrofos de heterótrofos, é dicir, algas e plantas de fungos recobriuse a parte posterior con papel de cor verde e parda (por eso do outono), respectivamente. Os liques, tal e como se indica no Código Internacional de Nomenclatura de Algas, Fungos e Plantas (2012), están no mesmo compartimento que os fungos, xa que no holobionte (organismo) liquénico os únicos elementos que conservan a reprodución sexual son os micobiontes (fungos).

As etiquetas colocáronse, sempre que foi posible, indicando nome popular e científico, e só nos nomes que foron modificados na súa nomenclatura hai pouco, ou nos que a denominación antiga é moi coñecida, se incluíu tamén un sinónimo, por exemplo, *Parmelia caperata* (L.) Ach., que actualmente se denomina *Flavoparmelia caperata* (L.) Hale.



Fig. 2. Reino Fungi

Ademais, no corredor que comunica despachos e laboratorios de Botánica, coa colaboración dos membros do Laboratorio de Micología (MicoUvigo), cubríronse con fotografías os corchos que estaban instalados nel e que antigamente (antes do uso de FAITIC) se empregaban para colocar os listados de prácticas, os avisos, ... das materias de ambas áreas.



Fig.3. Reino Chromista (esquerda) e Plantae (dereita)

Neste caso tamén se estableceu a separación entre reino Fungi (macromicetos e fungos liquenizados, Fig. 2) e reinos Chromista e Plantae (Fig. 3), conservando as mesmas cores de fondo que se usaron nas vitrinas.

Xunto con algúns cadros referidos a ecosistemas, dispersos nas paredes, e coa pantalla situada sobre a porta do laboratorio de prácticas, na que se amosan os coñecidos, e recoñecidos, vídeos do grupo DIVULGARE, inténtase que o «ladrillo» da Botánica sexa menos duro e anime máis aos alumnos a aproximarse a este mundo. Ademais resultan estéticos fronte ás paredes núas.

Marisa Castro
Profesora de Botánica

UNA DÉCADA DE APRENDIZAJE: EL ATLAS DE

El 9 de septiembre de 2007 se inició un sitio web dedicado a la citología y a la histología al que se puso el nombre de Atlas de Histología Vegetal y Animal de la Universidad de Vigo (<http://mmegias.webs.uvigo.es/inicio.html>). La idea de partida fue simple, crear un conjunto de páginas con contenidos en texto e imágenes accesibles a través de Internet que sirvieran a nuestros alumnos de Biología para estudiar las materias de Citología e Histología. El pasado mes de septiembre se cumplieron 10 años desde que se subieron a la web las primeras páginas.



Fig. 1 Página de inicio del atlas

La etapa inicial consistió en redactar y editar las secciones de histología animal, vegetal y citología. Esto no parecía muy complicado, pero a medida que trabajábamos en los contenidos, necesitamos ir aprendiendo sobre la marcha a manejar las herramientas para diseñar páginas web (html, css, php, un poco de javascript), puesto que todo el sitio se construyó desde cero. A la vez que íbamos ganando confianza en los procedimientos, un poco envalentonados, surgieron ideas para nuevos contenidos. Así, aparecieron secciones

relacionadas con los órganos animales, con los órganos vegetales, con las técnicas de laboratorio y una con tipos celulares. Apareció una sección de microscopía virtual y después se pensó que sería buena idea editar todo el contenido en archivos en formato pdf y posteriormente en archivos de sonido en formato mp3 (aún por completar). Todos los contenidos cuentan con ejercicios de autoevaluación, donde se presta especial atención al diagnóstico de imágenes de microscopía. La última iniciativa, coincidiendo con el programa de internacionalización de la Universidad de Vigo, en la que participa la Facultad de Biología, y en concreto, entre otras, la asignatura de Citología e Histología, es la traducción de todo el contenido al inglés, trabajo que está en proceso. Actualmente todas las secciones siguen creciendo y actualizándose, cada una a su propio ritmo.

La idea de partida era que el sitio se convirtiera en una herramienta docente útil, es decir, que los estudiantes lo usaran con provecho para estudiar las asignaturas relacionadas con estas temáticas. Para ello se tuvieron claras dos premisas, que se siguen manteniendo hoy en día. La primera es que lo más valioso que podemos ofrecer es un buen contenido. Éste ha de presentarse de manera clara, estructurado de manera lógica, y fácilmente accesible. Esta premisa ha condicionado todo el diseño del sitio y cómo se presentan los contenidos en cada página. Así, la información se organiza en páginas, éstas en capítulos, y éstos en secciones. Cada sección tiene un itinerario de aprendizaje en el que se presentan los contenidos de manera lógica. Intentando ser útil a estudiantes con diferentes requerimientos, o a usuarios en general, hay varios niveles de profundidad en la presentación de los contenidos, desde uno sencillo con información básica y esencial a otros donde dicha información se presenta mucho más detallada y desarrollada.

La segunda premisa es que el contenido debe



Fig.2 Página de proteínas, dentro del capítulo dedicado a las membranas y en la sección de Citología

ser de acceso libre, liberado bajo una licencia muy permisiva. El conocimiento es el resultado de un esfuerzo colectivo y es un legado al que debemos contribuir y transmitir. La educación es esencial, especialmente relevante en países o comunidades con menos recursos, y las herramientas docentes, cualquiera que éstas sean, han de estar disponibles para toda persona que las necesite, independientemente de su nacionalidad o estatus social, y sin restricciones. Por ello, todo el contenido de este sitio se libera bajo la licencia “Creative commons by-nc-sa”, es decir, se puede usar, copiar, distribuir y modificar libremente, siempre que el material derivado tenga la misma licencia, no sea para usos comerciales y se dé crédito a los autores.

A día de hoy el Atlas cuenta con más de 400

páginas con contenido y casi mil imágenes y esquemas. Tal como se refleja en el apartado de novedades del Atlas esto es el resultado del trabajo continuado durante todos estos años, y da la impresión que seguirá así en los venideros. La dedicación ha sido recompensada por la acogida y difusión que ha ido obteniendo el sitio durante este tiempo. En los primeros años, al calor de la iniciativa de los planes de Bolonia, se presentó a varios congresos de histología, consiguiendo dos premios en la sección de docencia (Albacete, 2009 y Argentina, 2009). En 2011 se incorporaron imágenes de microscopía electrónica gracias a un proyecto de innovación docente financiado por el Vicerrectorado de Alumnado, Docencia e Calidad de la Universidad de Vigo. Este año, la revista docente Alambique nos ha solicitado una reseña para presentarlo como herramienta docente en el número 090 de su publicación que acaba de ver la luz.

Pero el mayor estímulo para seguir trabajando en este proyecto es saber que hay una amplia base de usuarios. A través de la información que nos envían directamente algunas personas que utilizan el sitio y de los datos detallados de la actividad de los usuarios que nos aporta el contador de Google Analytics, nos consta que las diferentes secciones del Atlas se utilizan como material de apoyo en enseñanzas medias y universidades, apareciendo como referencia bibliográfica en diversas asignaturas de Universidades españolas y sudamericanas. En total, desde que se inauguró el Atlas, lo han visitado más de 9 millones y medio de usuarios únicos y en lo que va de este año (hasta noviembre) lo han hecho más de 1.600.000 usuarios procedentes de 184 países. Su disponibilidad a través de Internet hace que el porcentaje de usuarios de países hispanohablantes sea elevado, de hecho los usuarios españoles representan actualmente menos del 10%. Actualmente se está traduciendo al inglés, por lo que esperamos que estos números cambien en el futuro próximo. Durante los últimos 10 años hemos estado alimentado este proyecto con contenidos,




Fig. 3 Página de microscopía virtual dedicada a los órganos animales.

imágenes y secciones, que se traducen en horas de dedicación y trabajo. Ha ido creciendo sin un plan establecido y, lo que es peor, sin decidir un punto y final. Actualmente seguimos sin plan de desarrollo, y, ¡lo que es aún peor!, no hemos decidido una fecha en la que parar, por lo que el Atlas de Histología de la Universidad de Vigo probablemente siga engordando sin saber muy bien en qué se va a convertir. Quizá dentro de otros 10 años podamos tener alguna pista.

Manuel Megías

Pilar Molist

Manuel A. Pombal

Profesores del área de Biología Celular

PARA FACER DA FACULTADE DE BIOLOXÍA UNHA ENTIDADE ALGO MÁIS CULTURAL, ATRACTIVA E COÑECIDA POLA CIDADANÍA

Ao longo do ano académico na Facultade de Bioloxía celébranse moitas actividades, algunhas fora do centro, por iso de achegar a «montaña ao profeta», é dicir, membros do claustro de profesores, normalmente do Equipo Decanal, aproxímanse aos colexios que o solicitan para explicar os estudos que se desenvolven na facultade. Neste pasado curso foron visitados o IES Carlos Casares e o Colexio Miralba (Vigo), o IES A Xunqueira (Pontevedra), IES Pintor Colmeiro (Silleda) e o IES Johan Carballeira (Bueu).

Sen embargo, entre os centros de ensino foron moitos máis os que visitaron as nosas instalacións, procedentes de toda a bisbarra. Destacan: IES Primeiro de Marzo, Colexio Apóstol Santiago, IES A Guía, IES O Castro, Colexio Amor de Deus, IES Álvaro Cunqueiro, IES Politécnico, IES Beade e Colexio Marista El Pilar (Vigo), Colexio Los Sauces (Pontevedra), IES de Rianxo, Cemar International School (Mondariz), IES A Sangriña (A Guarda), IES Francisco Asorey (Cambados), IES Illa de Tambo (Marín), IES Antón Alonso Ríos (Tomiño) e IES de Ponteceso.

Tamén se celebra cada ano unha Xornada de Portas Abertas, na que a Facultade pode ser visitada por alumnos e profesores de colexios e centros de secundaria, empresarios ou calquera outro grupo social interesado. Os asistentes participan en visitas guiadas a laboratorios e, os escolares, en pequenos experimentos científicos, coordinados por profesores como Flora Alonso Vega, Raúl Iglesias, Mercedes Gallardo, Manuel Megías, Esther Barreal, Fuencisla Mariño e Jesús Míguez, ou por técnicos de laboratorio como Eduardo Gallardo e Montserrat Pestaña e neste ano foi impartida unha conferencia temática por parte do profesor Emilio Rolán Álvarez.



Fig.1. Programa da Xornada de Portas Abertas



Fig. 2. Programa da Semana Cero

Nesta actividade extra-curricular dáselle especial relevancia ás actividades internas, realizadas para os alumnos da Facultade, que nalgún caso como a Semana Cero, lles axuda a integrarse na dinámica do Centro cando chegan de novas. Nela presentáselles tanto a propia facultade (biblioteca, delegación de alumnos, normas de funcionamento interno,

etc.) como a titulación (materias de 1º curso, guías docentes, Plan de Acción Titorial, temas de mobilidade relacionados coas estancias tipo Erasmus ou Séneca, plataformas de coordinación, etc.), é dicir, información que deben coñecer para saber desenvolverse neste



Fig. 3. Algúns dos obradoiros realizados.

Ao longo do curso, especialmente para alumnos que van a graduarse inmediatamente, os de 4º de Grao, desenvólvense obradoiros «profesionalizantes» que lles poden axudar a enfrontarse co mundo laboral, a resolver problemas en certas materias, como os Traballos Fin de Grao, ou a coñecer os máster que se desenvolven na facultade.

Especial relevancia ten a festividade do patrón, San Alberte Magno, ao redor do cal se

desenvolven varias actividades culturais, para contribuír a que ademais de «pasar os alumnos pola universidade, sexa a universidade a que pase por eles». Organízanse o concurso de Fotografía Biolóxica, un veterano, xa na décimo terceira edición, e o de Debuxo Científico, organizado por cuarta vez desde a Delegación de Alumnos «Lynn Margulis», a Exposición Micolóxica con cogomelos frescos, que cada ano realiza e explica o Grupo de Investigación MicoUVigo da Facultade e unha ou varias conferencias. Tanto nun concurso como no outro a participación sempre é moi importante e as obras presentadas, de grande calidade. Difícil situación para os xurados de ambos.

A conferencia estrela deste ano foi impartida polo biólogo e divulgador científico Xurxo Mariño, membro do grupo de investigación «Neurociencia e Control Motor» da Universidade da Coruña. Coa claridade e a axilidade mental que o caracteriza, explicou a importancia da neurociencia en todas as actividades diarias. En palabras súas, a mente emerxe a partir de actividade eléctrica e química de numerosas células, as neuronas. E descubrir a estrutura e o funcionamento desa máquina chamada cerebro produce que o coñecemento do “eu” sexa fascinante e os descubrimentos sobre ela servirán para tratar enfermidades neurolóxicas, deseñar robots, coñecer máis e mellor a intelixencia artificial, etc. Para todos os que queiran entender mellor esta temática recomendo o libro «Neurociencia para Julia» (edita Laetoli, 2012), que de forma activa introduce a calquera interesado neste fascinante mundo.

Fuencisla Mariño Callejo
Vicedecana da Facultade de Bioloxía

DELEGACIÓN DE ALUMNOS DE BIOLOGÍA «Lynn Margulis». ¿QUIÉNES SOMOS Y CÓMO TRABAJAMOS?

La Delegación de Alumnos de Biología «Lynn Margulis» (DAB «Lynn Margulis») está formada por alumnos y alumnas de la Facultad de Biología de la Universidad de Vigo, a los que les gusta realizar las cosas bien y de otra manera. ¡Sabemos que lo que se aprende en las aulas está para ser aplicado de puertas afuera!



Fig. 1. Logo de la Delegación de Alumnos de Biología "Lynn Margulis"

La DAB «Lynn Margulis» (Fig. 1) está formada por un grupo de alumnos(as) que surge de una necesidad inminente, ya que los alumnos durante un Grado pasan mucho tiempo juntos, por lo que resulta fácil deducir que van a surgir conflictos, dudas o simplemente necesidad de coordinarse. Los primeros problemas comienzan a solucionarse gracias a los «delegados» de clase, sin embargo, algunas veces se escapan al control de una o dos personas, y otras, requiere de la continuidad año tras año, lo que no siempre consigue cubrir un delegado de curso.

Además, al ganar en organización también se gana en recursos, y eso permite desarrollar actividades que nos ayuden a formarnos fuera de las aulas.

Administración

De este modo se genera un «nicho» que da paso a la DAB «Lynn Margulis», cuya asamblea está formada por todo el alumnado interesado en colaborar, más allá de salir elegido o no como delegado o delegada, o a haber entrado a formar parte del Claustro o de la Junta de Facultad.

Para el correcto funcionamiento de la Asamblea contamos con una Dirección formada por, al menos: Presidente(a), Vicepresidente(a), Secretario(a) y Tesorero(a). Los miembros de la dirección son los encargados de coordinar las actividades y recursos de la DAB. Para ser miembro de la directiva se requiere haber sido electo para alguna representación por los compañeros (delegado, miembro de Junta de Facultad, del Claustro o tener cualquier otra responsabilidad como representante).

Difusión y actividades

Queda claro que la primera actividad es por tanto de apoyo a las necesidades básicas de nuestros compañeros. De hecho, en el «acto de bienvenida anual» realizado para los alumnos nuevos por los miembros del Decanato, se nos cede un tiempo para hablarles y darles nosotros también la bienvenida.

Durante ese tiempo les animamos para comenzar esta nueva etapa de sus vidas y les ofrecemos nuestra ayuda para resolver asuntos oficiales como trámites con decanato, rectorado y nuestro apoyo, de modo que se sientan lo más cómodos posible al entrar en la universidad. Lógicamente les invitamos a unirse a nosotros, ya que la Delegación está formada por alumnado, y cada curso es importante para que siga funcionando y se vaya renovando.

Al margen de esto, hay cuestiones más banales, pero importantes para nosotros, de las que también nos encargamos, por ejemplo, los distintos servicios de préstamo:

1. Se asignan taquillas a todo el alumnado que manifiesta interés, con una capacidad de 252 taquillas (fig. 2).



Fig.2. Taquillas en préstamo

2. Se prestan batas de laboratorio. Biología es una carrera científica, y para graduarnos pasamos muchas horas en los laboratorios (con lo que ello implica, como el uso de batas de laboratorio). Si alguien no tiene su bata en la taquilla, se la ha dejado en casa, o simplemente no la ha comprado todavía, puede acercarse a la Delegación y salir del apuro gracias a este préstamo.
3. Prestamos calculadoras, para las materias que lo requieran. Ciertamente se agotan con frecuencia los días de ciertos exámenes.
4. Y, en último lugar, tenemos una serie de regletas a disposición del alumnado. De todos es sabido que las aulas tienen un déficit acusado de enchufes en relación al volumen de personas que pueden necesitarlos así que como dichas conexiones están accesibles sólo para los más próximos, gracias a las regletas se puede multiplicar el alcance y número de enchufes en toda la Facultad.

Al correo electrónico de la DAB llega un gran volumen de información con interés para el alumnado, que, previa selección de la más interesante, redirigimos a los inscritos en ella, para que puedan enterarse de cursos extraacadémicos, como idiomas, extensión universitaria, buceo, parques naturales, etc., a conferencias, ofertas de trabajo o investigación,...

Todos los que participamos en la Delegación somos alumnos, así que le dedicamos el tiempo que nos sobra, pero nos organizamos para trabajar en ella (local de Delegación), a disposición de cualquiera que tenga alguna necesidad o cuestión en particular. El esfuerzo que suponen estas labores quita relativamente poco tiempo de nuestras obligaciones académicas, entre todos resulta fácil estar siempre disponible y hacer más y más cosas. Por ello es importante que participe gente nueva, al menos con el mismo ritmo con el que se gradúan los miembros de la asamblea de la delegación, y, si pudiera ser, más rápido.

Sólo con esto la DAB cumple un papel fundamental, sin embargo, en Biología somos más inquietos y surgen proyectos y actividades nuevas continuamente, de las cuales alguna prevalece curso tras curso.

Grandes proyectos

Lo primero que puede destacar es el «Concurso de Dibujo Biológico», que lleva en marcha cuatro años seguidos. Este concurso promueve aptitudes transversales tradicionales en nuestra profesión, ya que durante siglos no se podía fotografiar cada observación, y ni tan siquiera con la llegada de las cámaras fotográficas pierde utilidad para anotar observaciones importantes tanto en el cuaderno de campo como en el de laboratorio.

Esta iniciativa, «a priori» aventurada y un poco trasnochada, tiene una gran acogida entre el alumnado.



Fig. 3. Javier Echave, miembro de la Comisión de «Concurso de Dibujo Biológico» luciendo las carpetas de publicidad ilustradas con el dibujo ganador de Adriana Arbizu

Otra de nuestras actividades estrella es el «Proyecto DivulGATE: a falar apréndese falando» en el cual, durante el segundo cuatrimestre, organizamos un ciclo de conferencias en el Salón de Actos de la Facultad para tener la oportunidad de presentar, ante cualquier público, nuestros trabajos de curso. Esto tiene éxito gracias a que, por un lado, permite abrir a la comunidad una ventana hacia lo que trabajamos dentro del Grado de Biología al presentar nuestras «investigaciones», y por otro, nos acerca al profesorado que las tutorizan y con los que colaboramos para su organización.



Fig. 4. Público asistente a la apertura del III Proyecto DivulGATE: «a falar apréndese falando»

Y, por último, pero no menos importante, es una herramienta ideal para perder el miedo y ganar experiencia en las presentaciones orales fuera de un entorno totalmente seguro y controlado como es un aula, en la que se conoce a todos los asistentes, de esta forma te enfrentas más al «mundo real», donde además de ser riguroso es imprescindible hablar con asertividad.



Fig. 5. Brea B. Carrillo, expresidente de la Delegación en la inauguración de las jornadas de 2016

Durante cuatro años hemos estado realizando este proyecto y, asumiendo críticas, gracias a las cuales se pudo ir mejorando. De este modo nacieron las «**Jornadas de Especies Exóticas Invasoras**».

Las especies exóticas invasoras (EEI) son un problema actual en la conservación de la biodiversidad, debido a ello son muchos los investigadores de todo el mundo que trabajan este tema. También en nuestra universidad, incluido el personal de la Oficina de Medio Ambiente (OMA) de la UVigo y el Servicio de Jardinería.

Con la ayuda de estos profesionales intentamos transmitir a los miembros de la comunidad universitaria la importancia de este problema y, sobre todo, intentamos que los alumnos de biología sean conocedores de los problemas que



Fig. 6. Vista de la isla Sur (Islas Cíes) desde la de Faro durante la actividad en la Jornada de EEI

conllevan este tipo de organismos sobre la conservación de la biodiversidad.

Las Jornadas se han complementado con una salida de campo, en la cual se pudieron ver de



Fig. 7. Vista de la isla Norte (Islas Cíes) desde la de Faro, durante la actividad en la Jornada de EEI

primera mano las especies exóticas invasoras, y observar su distribución en una ruta guiada.

Los últimos tres años hemos tenido el privilegio de asistir a una salida teórico-práctica en las Islas Cíes (Parque Nacional Marítimo Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia), donde hemos podido conocer de primera mano un parque nacional, reserva de la biosfera con especies protegidas,



Fig. 8. Participantes en la salida a las Islas Cíes (Jornada EEI)

curiosidades biológicas... y especies invasoras (reconocerlas, controlarlas y erradicarlas).

Durante la actividad hemos podido practicar cómo se realizan estas labores de erradicación, control y análisis, desde la detección hasta la erradicación, en un entorno interactivo de protección de la biodiversidad.

Aunque no lo parezca, también en la Delegación sabemos hacer más cosas que trabajar, ayudar en los trámites administrativos y organizarnos para atender necesidades de nuestros compañeros. Una pequeña parte de nuestras actividades se dirige a **actos lúdicos** como ayudar a los que quieran hacer un «paso de ecuador» o que estén preparando la orla y la graduación. Entre estas labores también se incluye la festividad del patrón de la facultad, «San Alberte Magno».

Es fácil deducir que en la Delegación de Alumnos de Biología «Lynn Margulis» toda idea es válida y toda actividad posible. Anímate a participar!

Alonso Rial, J. C.
 ju_loto@hotmail.es

- CONFERENCIA INAUGURAL DEL CURSO
ACADÉMICO 2017/18 -

ASTROBIOLOGÍA: LA VIDA AL LÍMITE

Emilio Gil Martín

"Lo que tiene de extraño el Universo es que comprendemos sus orígenes mucho mejor de lo que entendemos los orígenes de la vida". Seth Lloyd, Professor of Mechanical Engineering and Engineering Systems and Physics. Director of the Center for Extreme Quantum Information Theory (xQIT).

La astrobiología (en ocasiones también conocida por exobiología, xenobiología o bioastronomía) aborda el estudio de las condiciones exigidas para la existencia y sostenimiento de la vida entre las estrellas. Es una ciencia en fase embrionaria que se esfuerza aún por asentar su cuerpo científico entre las voces críticas de quienes insisten en que debe demostrar fidedignamente la existencia de su objeto de estudio, puesto que no se conoce ni un solo ejemplo de vida fuera de nuestro planeta. No obstante lo anterior, los avances de la Biología experimental y teórica, así como los continuos descubrimientos de la exploración espacial han revelado que la vida extraterrestre es de veras posible y con ello desvanecido las dudas sobre el horizonte científico de la astrobiología de buena parte de la comunidad científica.

El funcionamiento de la vida: su definición

¿Qué es la vida? La respuesta a esta gran pregunta no se desprende de la mera relación de sistemas vivos ni de la descripción de sus comportamientos característicos como alimentación, reproducción, relación con el entorno, constancia del medio interno, etc. La respuesta debe ser conceptual y la Biología teórica la responde desde dos perspectivas conexas.

1. La vida como transmisión de información: definición genética o darwiniana. Todo sistema

vivo debe contener estructuralmente una descripción de sí mismo, un manual de funcionamiento o código (genoma), y ser capaz de ejecutarlo autónomamente (autorreplicarse). Debe, asimismo, evolucionar mediante selección natural, esto es, cambiar su código a lo largo del tiempo tanto por errores intrínsecos de la maquinaria de replicación como por interferencias de variables del entorno. El resultado es una modificación plástica del genoma en relación dinámica con el entorno, lo que va logrando adaptar gradualmente los replicadores a las condiciones imperantes en el medio en que viven y con ello aumentar sus expectativas de éxito reproductivo (su fitness).

2. La vida como desequilibrio energético: definición termodinámica. Todo sistema autorreplicativo precisa de un extraordinario nivel de complejidad estructural (de composición y organización). Sin embargo, las organizaciones complejas son muy improbables porque, en el universo conocido, los sistemas físicos se precipitan por el denominado gradiente entrópico desde estados organizados de baja entropía hacia un estado o nivel de equilibrio isomorfo, sin organización y entropía máxima. La vida lucha sin cesar contra esta tendencia inercial a la degradación expresándose en sistemas alejados del equilibrio termodinámico, que precisan de un aporte continuado de energía para financiar su alto grado de orden y sólo podrán aflorar, por tanto, allí donde el entorno se la provea.

Después de revisar e identificar los pliegos se deduce que los especímenes etiquetados fueron recogidos en el suroeste de Francia y, los no etiquetados se pueden encontrar en su mayoría también en dicha zona (Coste, 1937) y, sorprende el hecho de que el estado de conservación de pliegos tan antiguos, tras haber estado expuestos a las inclemencias del tiempo, permitiera una identificación precisa de los especímenes.

Bibliografía

- Coste H. 1937. Flore descriptive et illustrée de la France, de la Corse et des contrées limitrophes. Paris, Ed. Librairie des Sciences et des Arts.
- Roskov, Y., Abucay, L., Orrell, T., Nicolson, D., Flann, C., Bailly, N., Kirk, P., Bourgoin, T., De Walt, R., Decock, W. y De Wever A. En línea. Catalogo of Life [consultado el 1 de Junio de 2016], disponible en: <http://www.catalogueoflife.org/col/search/all>.
- IPNI. En línea. International Plant Name Index [consultado el 1 de Junio de 2016], disponible en: <http://www.ipni.org/ipni/plantnamesearchpage.do>.
- Huet du Pavillon, A. y Hanry, H. 1862. Note sur les *Cistus olbiensis* et *porquerolensis* (Séance du 9 juin 1860). Mém. Soc. d'emulation Dép. Doubs, 3ème. série, 6: 11-14.
- De la Peña Vidal, C. 2012. Xenealoxía dos Arias Teixeira (sic). *Diversarum Rerum*, 7: 428-471.
- André, E. 1868. Notice nécrologique sur D. José Arias Teijeiro". *Ann. Soc. Entomologique France* 4(8): 297-300.
- Otero Pedrayo, R. 1954. Guía de Galicia: 430. Vigo, Editorial Galaxia.
- Pirala Criado, A. 2005. Vindicación del general Maroto y manifiesto razonado de las causas del Convenio de Vergara. Pamplona. Urgoti Editores..

VARIACIÓN ESPACIAL E TEMPORAL DAS COMUNIDADES DE MACROINVERTEBRADOS NO RÍO FRAGOSO (OURENSE) EN RELACIÓN CO IMPACTO DAS MINICENTRAIS

Martínez Barciela, Y.

yasminamartinez95@outlook.es

Traballo Fin de Grao en Bioloxía.

Curso 2016/2017.

Tutora:

Josefina Garrido González

Facultad de Bioloxía

Universidad de Vigo.

Resumo

No presente traballo de investigación estudarase a variación espacial e temporal das comunidades de macroinvertebrados no río Fragoso (Ourense) co obxectivo de determinar se existe un impacto apreciable nas mesmas relacionado coa minicentral hidroeléctrica que se instalou nas súas augas no ano 2002. Os datos empregados obtivéronse en dúas campañas (primavera de 2015 e outono de 2016) cuxos resultados finais parecen indicar que, tal e como sucede noutros casos, este tipo de infraestruturas poden alterar enormemente o medio.

Introdución

Os ecosistemas fluviais son unha fonte de vida e de recursos indiscutible para toda clase de organismos, incluído o ser humano. Sen embargo, a súa integridade estase vendo gravemente afectada pola súa continua degradación e intensa explotación (Alonso & Camargo, 2005), que diminúen a calidade da auga dos ríos, modifican a dinámica dos seus ecosistemas e alteran a estrutura das comunidades que albergan, poñendo en perigo a súa biodiversidade e sustentabilidade (Biggs et al., 2005).

Para valorar o estado ecolóxico dos sistemas fluviais e poder tomar medidas para a súa conservación, a Comisión e o Parlamento europeos aprobaron a finais do ano 2000 a denominada Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) que, entre outras innovacións, recoñece a utilidade das comunidades biolóxicas como bioindicadores da calidade da auga dos ríos (Directiva Marco del Agua, 2000). E resulta que, neste aspecto, un dos grupos de seres vivos acuáticos máis empregados é o dos macroinvertebrados bentónicos (Rosenberg & Resh, 1993), os cales se definen como aqueles invertebrados visibles a simple vista (normalmente entre 1-5 mm) que habitan no leito do río (entre pedras, plantas acuáticas, etc.), xa sexa durante todo o seu ciclo vital (como os moluscos) ou en parte del (como moitos insectos) (Rosenberg & Resh, 1993; Alonso & Camargo, 2005).

A vantaxe do uso destes macroinvertebrados como bioindicadores radica en moitos casos na súa sensibilidade, que lles permite mostrar o resultado acumulado de múltiples factores estresantes (Aazami et al., 2015), así coma aportar información temporal reflectindo o efecto integrado de todas as variables ambientais (Carvacho, 2012). Ademais, ao comparalos con outros grupos de seres vivos, os macroinvertebrados acuáticos teñen outras características que os fan especialmente adecuados para este tipo de avaliacións ecolóxicas: posúen unha gran variedade de formas, diversidade e hábitats; están amplamente distribuídos; son capaces de adaptarse a características moi definidas de calidade da auga (Rosenberg & Resh, 1993); son visibles a simple vista e relativamente fáciles de mostrear e identificar (Alba-Tercedor, 1996; Aazami et al., 2015).

Aínda que o emprego destes animais poida parecer algo novidoso, o certo é que este tipo de metodoloxías para avaliar a calidade da auga datan de principios do século XX, destacando en España amediados dos 80, momento no que alcanzaron un crecemento explosivo (Alba-Tercedor, 1996). Centrándonos máis nos estudos realizados en Galicia, que será a anfitriña indiscutible deste traballo, merece a pena mencionar algúns realmente interesantes como os realizados por Benetti & Garrido (2010), Benetti *et al.* (2012) e Álvarez-Troncoso *et al.* (2015); e, especialmente, os realizados por Sarr (2011) e Álvarez-Troncoso (2012), pois constitúen os antecedentes directos deste traballo ao ter como obxectivo o estudo das comunidades de macroinvertebrados (coleópteros e tricópteros, respectivamente) en ríos sometidos a diferentes graos de acción humana na provincia de Ourense (Galiza), entre os que se inclúe o río Fragoso.

Así, o obxectivo principal do presente traballo non é outro que o de estudar a variación espacial e temporal (primavera de 2015 – outono de 2016) das comunidades de macroinvertebrados do río Fragoso (Ourense, Noroeste de España) asociada á instalación na súa canle dunha minicentral hidroeléctrica construída fai 14 anos pola empresa Grupo Adelanta.

Metodoloxía

A metodoloxía levada a cabo para a realización deste traballo recolle unha breve descrición da área de estudo seleccionada e unha pequena explicación dos métodos exercidos tanto no traballo de campo coma no traballo de laboratorio.

a) Área de estudo

A área de estudo deste traballo sitúase no río Fragoso, localizado en Ourense (Galicia, Noroeste de España). Nace na zona de A Franqueira, a 942 metros de altura, e desemboca no río Limia, formando parte dos seus afluentes (Sarr, 2011; Álvarez-Troncoso, 2012). Ademais, dada a súa localización e litoloxía, inclúese dentro dos ríos cántabro-atlánticos silíceos (tipo ecolóxico nº 21) (Toro *et al.*, 2009).

O motivo polo cal foi seleccionado como obxecto de estudo débese a que, actualmente, e dende o ano 2002, este río está sendo regulado pola actividade dunha minicentral hidroeléctrica por medio de dúas estruturas hidráulicas principais: unha represa e unha canle de desaugue. A función da primeira é a de facer de obstáculo, permitindo almacenar e mobilizar a auga para que poida ser desviada por unha canle artificial ata o xerador de enerxía (minicentral); mentres que a función da segunda é a de restituír os caudais de auga turbinados ao río (Adelanta, en liña). Como se pode ver na figura 1, o resultado da obstrución da canle natural do río augas arriba fai que a maior parte do fluxo se desvíe pola canle secundaria artificial (canle de desviación) deixando ao curso natural do río cun fluxo minoritario en todo o seu transcurso ata que a canle de desaugue devolva a auga recollida ao mesmo augas abaixo (Anderson *et al.*, 2015).

Polo tanto, para que fora posible avaliar o estado do río tanto augas arriba como augas abaixo das zonas de influencia da minicentral, distribuíronse dende a súa cabeceira ata a súa desembocadura cinco estacións de mostraxe (Fig. 1) dunha lonxitude de 100 m aproximadamente que permitira, a súa vez, facer unha estimación visual da envergadura e da cantidade de substratos e de microhábitats dispoñibles (Álvarez-Troncoso, 2012).

Augas arriba do río atópanse Parada do Monte, caracterizada por estar fora de calquera influencia relacionada coa minicentral e por ter unha abundante vexetación de ribeira; e Ponte do Groicio, situada augas arriba da represa, tamén cunha cobertura vexetal moi diversa e cun aumento particular do nivel de auga. No tramo medio do río atópase Ponte Abeleda que, ao estar augas abaixo da represa, ve considerablemente diminuído o seu caudal. O mesmo ocorre coa estación de Requeixo, tamén augas abaixo da represa, que ademais conta cunha ampla vexetación na súa beira. Xa máis preto da desembocadura do río atópase a estación de Grou, a cal recibe a auga da canle de desaugue, o que fai que este punto recupere o caudal natural do río.




Figura 1. Representación esquemática da instalación da minicentral hidroeléctrica do río Frago. Nela indícase a localización e achégase unha imaxe, tomada no campo, da represa e da canle de desaugue (asociado á minicentral), en relación a situación das estacións de mostraxe seleccionadas: Parada do Monte (F1), Ponte do groicia (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5).

A continuación cabe resaltar as características xeográficas (táboa 1) de cada unha das estacións de mostraxe:

Táboa 1. Relación e datos xeográficos das estacións de mostraxe seleccionadas. A altitude está expresada en metros

Estacións de mostraxe	Código	Altitude	UTM X	UTM Y
Parada do Monte	F1	747	5788134605	45620147192
Ponte de Groicio	F2	563	5791387083	46492544893
Ponte Abeleda	F3	545	5797222948	46482072459
Requeixo	F4	419	5788295007	46453921633
Grou	F5	410	57835434	464386924

b) Materiais e métodos

Tanto o material empregado como os métodos levados a cabo establecéronse de acordo ao descrito por Alba-Tercedor *et al.* (2005) e Pardo *et al.* (2010) en relación ao protocolo de avaliación dos invertebrados bentónicos de ríos con multimétricos.

Unha vez se conta co permiso da Xunta para realizar a recollida das mostras, pódese proceder ao traballo de campo seguindo o seguinte protocolo de mostraxe en cada unha das estacións de mostraxe previamente mencionadas:

1. Toma de medidas *in situ* empregando, con sumo coidado, un equipo multiparamétrico (previamente calibrado) para obter os parámetros físico-químicos (temperatura, condutividade, pH e contido en osíxeno).
2. Recollida das mostras de macroinvertebrados mediante unha mostraxe multihábitat semicuantitativa para o que foi necesario unha rede de manga con forma de "D" de 25 cm de lado, 60 cm de fondo e 0,1 mm de luz de malla. Durante este proceso tamén foron de uso obrigados tanto luvas de látex coma botas impermeables para vadear o río.

O método empregado foi, concretamente, o método dos 20 kicks, segundo o cal se reparten, nos 100 m de tramo a analizar, os 20 kicks de maneira proporcional entre os tipos de hábitats máis frecuentes do mesmo. Entendendo como un kick unha unidade de mostraxe que inclúe remover con pés e mans o substrato situado nos 50 cm máis próximos á boca da rede, a cal ten 25 cm de lado, podemos falar dunha superficie mostreada de 0,125 m² por cada kick realizado (Pardo *et al.*, 2010). Dado que ao longo de cada tramo de estudo (100 m), realízanse 20 kicks, a área de mostraxe total é de 2,5 m² por estación de mostraxe (Alba-Tercedor *et al.*, 2005).

3. Limpeza, etiquetaxe, fixación e transporte das mostras tras a súa recolección. Neste último paso de traballo no campo empregáronse: bandexas de plástico e peneiras de 1 mm de luz de poro para unha primeira limpeza das mostras *in situ*; botes de plástico herméticos para introducir as mostras limpas, papel cebola e rotuladores indelebles para facer as etiquetas e identificar cada recipiente; formol ao 4% para fixar as mostras (con coidado debido a súa toxicidade) e así evitar a acción dos carnívoros (especialmente de plecópteros da familia Perlidae, odonatos, tricópteros da familia Rhyacophylidae, megalópteros da familia Sialidae, e outros) (Alba-Tercedor *et al.*, 2005); e caixas grandes de plástico para almacenar e transportar as mostras e o equipamento.

O traballo posterior lévase a cabo no laboratorio, onde se extraen e se limpan as mostras coidadosamente baixo a lupa (Nikon SMZ 645 (CW10xA/22)) empregando bandexas de plástico, pinzas e punzóns; para posteriormente proceder a súa identificación ata o nivel taxonómico de familia coa axuda dos instrumentos xa mencionados, placas Petri e as claves de identificación, entre as que se atopa a de González & Cobo (2006).

Neste punto cabe destacar que o número de familias se considera un nivel óptimo tanto para a avaliación do estado ecolóxico dos ríos como para a comparación de comunidades de invertebrados e a súa resposta á presión en distintas rexións a unha relación coste-eficiencia beneficiosa (Pardo *et al.*, 2010).

Unha vez separados, identificados e contados o total de exemplares obtidos en cada mostra volvéronse introducir en recipientes herméticos (debidamente etiquetados) con alcohol ao 70% para a súa correcta conservación entre o inventario fáunico do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo.

Resultados e discusión

Parámetros físico-químicos

Os parámetros físico-químicos do medio acuático coma o pH, a condutividade, o osíxeno disolto e a temperatura tenden a exercer unha grande influencia sobre a distribución dos macroinvertebrados, constituíndo a miúdo os parámetros aos que os organismos son máis sensibles (Carvacho, 2012). Sen embargo, xeralmente as variacións destes factores poden ser difíciles de detectar, tanto porque se puideron mitigar os seus efectos uns quilómetros máis abaixo, como por ser tan só detectables no momento en que se producen (Oscoz *et al.*, 2006).

En calquera caso, o efecto das centrais hidroeléctricas tende a aumentar a temperatura das augas (Álvarez-Troncoso *et al.*, 2015), o que favorece a degradación de materia orgánica (Carvacho, 2012) causando unha diminución do pH e do osíxeno disolto (Oscoz *et al.*, 2006). Dado que estes factores están dentro da normalidade en todos os puntos e que non mostran tendencias claras ao longo do río, tal e como se pode ver na táboa 2, pódese descartar unha contaminación orgánica no río no momento da toma de mostras (Álvarez-Troncoso, 2012).

Táboa 2. Resultados dos parámetros físico-químicos de cada unha das estacións de mostraxe do río Fragoso en primavera de 2015 (P) e outono de 2016 (O). Sendo: Parada do Monte (F1), Ponte do Groicio (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5). Inclúese tamén o substrato dominante en cada unha: area (A), cantos (C), follaxe (F), limo (L) e musgo (M)

Parámetros físico-químicos	F1		F2		F3		F4		F5	
	P	O	P	O	P	O	P	O	P	O
Substrato dominante	M	F	M/C	M	C	A/L	C	F	M/C	M/C
Condutividade (mS/cm)	25,2	29,85	25,97	25,02	25,88	25,48	28,65	29,97	29,49	28,32
Temperatura (°C)	10,6	5,1	10	6,2	9,7	6,6	11	8,1	11,7	7,5
pH	7,09	7,18	6,95	7,18	6,77	6,43	7,05	6,9	7,3	7,06
Osíxeno (mg/L)	7,65	12,6	8,05	10,6	9,25	10,3	8	9,8	7,6	10,1

Índice IBMWP

O índice biolóxico IBMWP (Iberian Biological Monitoring Working Party) é capaz de aportar información determinante sobre a calidade dunha masa de auga (Leunda *et al.*, 2009) en función da presenza/ausencia de certas familias de macroinvertebrados ás que lle foron asignadas certas puntuacións (entre 1 e 10) en función da súa tolerancia á contaminación (Alba-Tercedor, 1996). O resultado final deste índice correspóndese coa suma total de cada unha das puntuacións obtidas por cada familia que, para o río Fragoso, é o seguinte:

De acordo cos valores obtidos para o índice IBMWP (táboa 3), as comunidades de macroinvertebrados víronse afectadas, en maior ou menor medida, pola presenza da minicentral, especialmente en primavera, resultando a estación de mostraxe augas abaixo da represa (F3) a máis afectada, seguida das estacións F2, augas arriba da represa, e F5, augas abaixo da canle de desaugue. Algo máis dun ano despois, en outono, obsérvase unha mellora en todos os puntos afectados en canto a este factor, o que pode indicar que esta época do ano favoreceu, dalgunha maneira, un maior desenvolvemento ou expansión dos macroinvertebrados.

Táboa 3. Calidade da auga de cada unha das estacións de mostraxe en cada época en función da puntuación do índice IBMWP. Sendo: Parada do Monte (F1), Ponte do Groicio (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5). 1Calidade da auga que se considera entre dúas clases de calidade, das que se expresa a que se corresponde con aquela de menor puntuación)

Época	Estación	IBMWP	Valor límite	Calidade da auga
Primavera (2015)	F1	211	>150	Moi boa
	F2	126	101-120	Boa
	F3	66	36-100	Dubidosa ¹
	F4	179	>150	Moi boa
	F5	151	>101	Boa ¹
Outono (2016)	F1	230	>150	Moi boa
	F2	203	>150	Moi boa
	F3	178	>150	Moi boa
	F4	208	>150	Moi boa
	F5	215	>150	Moi boa

Métricas de riqueza e abundancia

A riqueza de familias (S) correspóndese co número total de familias diferentes rexistradas en cada estación de mostraxe, constituíndo unha das métrica de diversidade máis utilizadas na avaliación e seguimento de ecosistemas debido á súa simpleza (Feld *et al.*, 2014). Por outra parte, a abundancia absoluta (N) é o número de individuos totais recollidos por área en cada estación de mostraxe (2,5 m²). Ambas métricas son, en xeral, moi altas en canto aos macroinvertebrados bentónicos que habitan nos ríos (Rosenberg & Resh, 1993); sen embargo, o número destes taxons tende a reducirse coa frecuencia e coa intensidade das perturbacións, xa sexa por contaminación ou pola destrución do hábitat (Prat *et al.*, 2009).

Abundancia (N) e riqueza de familias (S)




Figura 2. Representación gráfica da abundancia en canto ao número de individuos totais en cada estación de mostraxe (N), así como do número de familias rexistradas en cada unha (S). Sendo: Parada do Monte (F1), Ponte do Groicio (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5).

Observando os valores de abundancia e riqueza de familias obtidas no río Fagoso (Fig. 2) faise clara a existencia de variacións asociadas á minicentral entre as estacións de mostraxe ao diminuír ambos factores dende o punto F2, situado antes da represa, e acadarse os valores máis baixos augas abaixo da mesma, en Ponte Abeleda (F3), os cales resultan particularmente preocupantes en primavera con só 50 individuos por 2,5 m². Tras este punto obsérvase un aumento apreciable do número de individuos e de familias nos seguintes dous (F4 e F5) en ambas estacións do ano. En resumidas contas, a riqueza taxonómica mostra un descenso que, coincidindo cos datos doutros estudos, como o realizado por Feld *et al.* (2014), indica unha perda moderada e gradual de taxons baixo o impacto hidromorfolóxico.

Índice Multimétrico Específico de Tipo (METI)

O Índice Multimétrico Específico de Tipo (METI) ten a vantaxe de combinar nunha única puntuación final o valor independente de diversas métricas (a riqueza de familias Ephemeroptera, Plecoptera e Trichoptera; a riqueza de familias sensibles presentes en cada mostra; a porcentaxe de riqueza das familias sensibles fronte a riqueza total; a porcentaxe da abundancia dos 3 taxons dominantes fronte á abundancia total; a abundancia relativa de familias Ephemeroptera, Plecoptera e Trichoptera; e o Índice de Bray-Curtis) (MAGRAMA, 2015). Este índice é de obrigada aplicación na explotación das redes oficiais de avaliación do estado ecolóxico en cumprimento da Directiva Marco da Auga (2000) sobre as masas de auga pertencentes á determinadas categorías de ríos entre os que se atopa o tipo de río que nos ocupa: o río cántabro-atlántico silíceo (tipo ecolóxico nº 21) (MAGRAMA, 2015).

Índice Multiparamétrico de Tipo (METI)




Figura 5. Representación gráfica do Índice Multiparamétrico de Tipo (METI) tanto en primavera de 2015 coma en outono de 2016, en cada unha das estacións de mostraxe do río Fagoso: Parada do Monte (F1), Ponte do Groicio (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5)

O índice multimétrico calculado (Fig. 3) ten en conta a composición dos grupos de macroinvertebrados máis intolerantes e sensibles á contaminación e ás alteracións no ecosistema fluvial, como o grupo dos efemerópteros, plecópteros e tricópteros (Prat *et al.*, 2009; Feld *et al.*, 2014) e, polo tanto, a súa resolución permítenos coñecer se estas se viron especialmente afectadas en relación á minicentral. Así como en primavera observamos un descenso progresivo do índice multimétrico (dende augas arriba a augas abaixo) que non nos permite determinar se a minicentral está afectando ás comunidades; en outono observamos un drástico descenso do METI na estación de mostraxe Ponte Abeleda (Fig. 3), augas abaixo da represa. Novamente os resultados determinan que este é o punto máis afectado polas alteracións provocadas no réxime fluvial a causa da minicentral hidroeléctrica.

Como xa discutiron outros autores, como Sarr (2011), Álvarez-Troncoso (2012) e Benetti *et al.* (2012), o impacto producido polas minicentraís hidroeléctricas provoca un cambio na hidroloxía e no réxime fluvial, especialmente en canto ao represamento das augas e, consecuentemente, un cambio na comunidade de invertebrados, alterando en grande medida a súa composición fáunica.

Ratio de Calidade Ecolóxica (RCE)

Esta ratio expresa, mediante un valor numérico comprendido entre 0 e 1, o estado ecolóxico das mostras analizadas, neste caso, en función da composición de macroinvertebrados. Calcúlase mediante a división do valor multimétrico obtido previamente (ou do valor do índice IBMWP), entre o valor de referencia correspondente a cada índice e ao tipo de masa de auga en cuestión, que para os ríos de tipo cántabro-atlántico silíceo é dun valor de 5,9643 para o METI e de 234 para o IBMWP (BOE, 2015).

O RCE obtido pódese observar na táboa 4, na que tamén se facilitan os taxons dominantes presentes en cada estación de mostraxe, permitíndonos coñecer outras características particulares de cada zona.

Táboa 4. Estado ecolóxico das augas de cada unha das estacións de mostraxe (EM) en cada época en función da puntuación obtida para o Ratio de Calidade Ecolóxica (RCE). Sendo: Parada do Monte (F1), Ponte do Groicio (F2), Ponte Abeleda (F3), Requeixo (F4) e Grou (F5). Indícase tamén a porcentaxe de abundancia dos 3 taxons dominantes sobre o total en cada unha: 165% de dominancia, 240-49% de dominancia, 330-39% de dominancia, 420-29% de dominancia, 5 dominancia < 20%

Época	EM	Taxons dominantes	RCE	Estado ecolóxico
Primavera (2015)	F1	Planariidae ⁴ , Sericostomatidae ³ , Limnephilidae ³ .	0,91	Moi bo (=0,91)
	F2	Baetidae ³ , Heptageniidae ³ , Oligochaeta ³ .	0,54	Moderado (0,32-0,55)
	F3	Hydropsychidae ³ , Leptophlebiidae ⁴ , Nemouridae ³ .	0,28	Deficiente (0,14-0,32)
	F4	Baetidae ¹ , Leptophlebiidae ³ , Hydropsychidae ³ .	0,76	Bo (0,91-0,55)
	F5	Baetidae ³ , Brachycentridae ³ , Hydropsychidae ³ .	0,64	Bo (0,91-0,55)
Outono (2016)	F1	Chironomidae ³ , Limnephilidae ⁴ , Leptophlebiidae ³ .	0,98	Moi bo (=0,91)
	F2	Brachycentridae ⁴ , Leptophlebiidae ³ , Baetidae ³ .	0,88	Bo (0,91-0,55)
	F3	Ceratopogonidae ³ , Elmidae ³ , Leptophlebiidae ³ .	0,76	Bo (0,91-0,55)
	F4	Chironomidae ² , Ceratopogonidae ³ , Limnephilidae ³ .	0,88	Bo (0,91-0,55)
	F5	Brachycentridae ⁴ , Baetidae ³ , Nemouridae ³ .	0,92	Moi bo (=0,91)

Confirmando os datos obtidos ata agora, dende Ponte do Groicio (F2), augas arriba da represa, obsérvase unha alteración no estado ecolóxico das augas, que diminúe bruscamente en primavera e lixeiramente en outono (táboa 4). Este feito, sumado á resolución obtida polas anteriores métricas, determina que a represa afecta incluso ás comunidades de macroinvertebrados situadas augas arriba da mesma. O motivo deste fenómeno reside en que os niveis elevados de caudal augas arriba das represas reducen a variabilidade de fluxo, a velocidade e a turbulencia, e inducen a deposición incluso dos sedimentos máis finos, transformando o sistema lótico natural (o río) nun entorno léntico artificial que pode expandirse varios quilómetros (Benítez-Mora & Camargo, 2014; Anderson et al., 2015) e que provoca, como consecuencia, unha alteración nas poboacións de macroinvertebrados (Anderson et al., 2015). De feito, vemos que nesta estación de mostraxe (F2) un dos taxons dominantes é o de Oligochaeta, grupo oportunista capaz de tolerar condicións de estrés (Carvacho, 2012).

Sen embargo, é directamente augas abaixo da represa onde se detectan os maiores problemas relacionados coa minicentral, tal e como define o preocupante estado “deficiente” nas augas do punto F3 en primavera (táboa 4). A causa da represa, que exerce como barreira, interrómpese a conectividade lonxitudinal, frágmentase o río (Álvarez-Troncoso et al., 2015; Anderson et al., 2015) e obstaculízase a migración fluvial de

peixes e outros organismos acuáticos (Benítez-Mora & Camargo, 2014), provocando unha alteración no ambiente do canal e, por tanto, na estrutura do hábitat físico e nos tipos de substratos dispoñibles (Oscoz *et al.*, 2006; Álvarez-Troncoso *et al.*, 2015).

Neste aspecto cabe destacar que a estación de mostraxe Ponte Abeleda (F3) é a única que presenta area e limo como substrato dominante (táboa 2), o cal se debe probablemente á diminución do fluxo e da velocidade da auga asociada á represa, que favorece a sedimentación das partículas máis finas (Benítez-Mora & Camargo, 2014). Cambios coma este provocan, a súa vez, que certas familias de macroinvertebrados, como a familia Baetidae, (efémera máis representativa da fauna galega e relativamente común en ambientes lénticos) (González & Cobo, 2006), véxase favorecida augas abaixo das represas (Benítez-Mora & Camargo, 2014), tal e como acontece neste caso, ocupando en F4 en primavera, incluso máis da metade das familias (táboa 4).

En canto á canle de desaugue, que aumenta o fluxo de auga na estación de mostraxe Grou (F5), parece que non provoca cambios particularmente prexudiciais para as comunidades de macroinvertebrados.

Finalmente, resulta curioso discutir o feito de que todas as métricas sexan apreciablemente superiores en outono en todas as estacións de mostraxe. Parece que a explicación reside nun conxunto de factores: o tipo de substrato dispoñible, que ofrece maior alimento e protección debido a un aumento de materia orgánica proveniente dos restos vexetais (Álvarez-Troncoso, 2012); o incremento no caudal e, polo tanto, de hábitats dispoñibles; e por cambios beneficiosos nos parámetros físico-químicos asociados á climatoloxía propia do outono (Hill *et al.*, 2016).

Conclusiones

A raíz de todos os resultados obtidos podemos concluír que, unha vez máis, o emprego dos macroinvertebrados como bioindicadores é unha maneira efectiva de coñecer a calidade e o estado das augas dos ecosistemas fluviais. Neste caso, a diminución xeneralizada das métricas biolóxicas nas zonas de alteración do río Fragoso revelan que, efectivamente, hai un impacto negativo sobre as comunidades de macroinvertebrados en relación aos cambios no fluxo de auga e á interrupción do transcurso natural do río asociados á actividade da minicentral hidroeléctrica.

Bibliografía

- Aazami, J., Esmaili, A., Abdoli, A., Sohrabi, H., Van den Brink, P.J. (2015). Assessment of Ecological Quality of the Tajan River in Iran Using a Multimetric Macroinvertebrate Index and Species Traits. *Environ Manag.* 56: 260–269.
- Adelanta (en liña). Grupo Adelanta, Energías renovables. Recuperado o 10 de maio de 2016. <http://www.adelanta.com/web/index.htm.php?lang=es&dir=negocios&tpl=energia> .
- Alba-Tercedor, J. (1996). Macroinvertebrados acuáticos y calidad de las aguas de los ríos. IV Simposio del Agua en Andalucía (SIAGA), Almería. 2: 203-213.
- Alonso, A., Camargo, JA. (2005). Estado actual y perspectivas en el empleo de la comunidad de macroinvertebrados bentónicos como indicadora del estado ecológico de los ecosistemas fluviales españoles. *Ecosist.* 14: 87-99.
- Alba-Tercedor, J., Pardo, I., Prat, N., Pujante, A. (2005). Metodología para el establecimiento el Estado Ecológico según la Directiva Marco del Agua. Protocolos de muestreo y análisis para invertebrados bentónicos. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid, España.
- Álvarez-Troncoso, R. (2012). Evaluación del efecto causado por minicentrales hidroeléctricas en ríos de Galicia (NW España), mediante el estudio de larvas de Trichoptera (Insecta). Tesis Doctoral. Universidad de Vigo. 210 pp.

- Álvarez-Troncoso, R., Benetti, C.J., Sarr, A., Pérez-Bilbao, A., Garrido, J. (2015). Impacts of environmental factors on Trichoptera assemblages in four rivers in NW Spain affected by hydroelectric power stations. *Limnologia* 53: 35-41.
- Anderson, D., Moggridge, H., Warren, P., Shucksmith, J. (2015). The impacts of "run-of-river" hydro power on the physical and ecological condition of rivers. *Water Environ. J.* 29: 268–276.
- Benetti, C.J., Garrido, J. (2010). The influence of water quality and stream habitat on water beetle assemblages in two rivers in northwest Spain. *Vie et Milieu* 60: 53-63.
- Benetti, C.J., Pérez-Bilbao, A., Garrido, J. (2012). Ecological Water Quality, Water Treatment and Reuse. Macroinvertebrates as indicators of water quality in running waters: 10 years of research in rivers with different degrees of anthropogenic impacts. In: Voudouris, K., Voutsas, D. (Eds). *Ecological Water Quality-Water Treatment and Reuse*. InTech, Croatia: K. Voudouris, D. Voutsas. 95–122.
- Benítez-Mora, A., Camargo, J.A. (2014). Ecological responses of aquatic macrophytes and benthic macroinvertebrates to dams in the Henares River Basin (Central Spain). *Hydrobiol.* 728: 167-178.
- Biggs, B., Nikora, V., Snelder, T. (2005). Linking Scales of Flow Variability to Lotic Ecosystem Structure and Function. *River Res. Appl.* 21: 283–298.
- BOE (2015). Real Decreto 817/2015, de 11 de septiembre, por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales y las normas de calidad ambiental. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Gobierno de España. Nº 219. BOE-A-2015-9806.
- Carvacho, C.A. (2012). Estudio de las comunidades de macroinvertebrados bentónicos y desarrollo de un índice multimétrico para evaluar el estado ecológico de los ríos de la cuenca de Limari en Chile. Trabajo de investigación. Máster oficial: Agua. Análisis Interdisciplinario y Gestión Sostenible. Universitat de Barcelona.
- Directiva Marco del Agua (2000). Directiva 2000/60/CE del Parlamento Europeo y del Consejo de 23 de octubre de 2000 por la que se establece un marco de actuación en el ámbito de la política de aguas.
- Feld, C.K., Bello, F., Dolédec, S. (2014). Biodiversity of traits and species both show weak responses to hydromorphological alteration in lowland river macroinvertebrates. *Freshwater Biol.* 59: 233-248.
- González, M.A., Cobo, F. (2006). Macroinvertebrados de las aguas dulces de Galicia. A Coruña, Galicia: Hércules De Ediciones. 173 pp.
- Hill, M.J., Sayer, C.D., Wood, P.J. (2016). When is the best time to sample aquatic macroinvertebrates in ponds for biodiversity assessment? *Environ. Monit. Assess.* 3: 188-194.
- Leunda, P.M., Oscoz, J., Miranda, R., Ariño, A.H. (2009). Longitudinal and seasonal variation of the benthic macroinvertebrate community and biotic indices in an undisturbed Pyrenean river. *Ecol. Indic.* 9: 52-63.
- MAGRAMA (2015). Protocolo de cálculo del índice multimétrico específico del tipo de invertebrados bentónicos en ríos (METI). Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Gobierno de España.
- Oscoz, J., Campos, F., Escala, M.C. (2006). Variación de la comunidad de macroinvertebrados bentónicos en relación con la calidad de las aguas. *Limnética* 25: 683-692.
- Pardo, I., García, L., Delgado, C., Costas, N., Abraín, R. (2010). Protocolos de muestreo de comunidades biológicas acuáticas fluviales en el ámbito de las Confederaciones Hidrográficas del Miño-Sil y Cantábrico. Convenio entre la Universidad de Vigo y las Confederaciones Hidrográficas del Miño-Sil y Cantábrico. 65 pp.
- Prat, N., Ríos, B., Acosta, R., Rieradevall, M. (2009). Los macroinvertebrados como indicadores de calidad de las aguas. En: Domínguez, E. & Fernández, H.R. (Eds). *Macroinvertebrados bentónicos sudamericanos*. Tucumán, Argentina: Fundación Miguel Lillo: 631-654.
- Rosenberg, D.M., Resh, V.H. (1993). *Freshwater biomonitoring and benthic macroinvertebrates*. Winnipeg, Canada: Chapman & Hall.

- Sarr, A. (2011). Evaluación del estado de conservación de ríos afectados por minicentrales hidroeléctricas mediante el estudio de coleópteros acuáticos. Tesis Doctoral. Universidad de Vigo. 224 pp.
- Toro, M., Robles, S., Tejero, I., Cristóbal, E., Velasco, S., Sánchez, JR., Pujante, A. (2009). Grupo 32. Tipo Ecológico N° 21. Ríos cantabro-atlánticos silíceos. En: VV.AA. (Ed). Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España. Madrid, España: Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.

PLANTAS INVASORAS DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO

Reboreda Gómez, G.

gomezguille93@gmail.com

Resumo

Traballo Fin de Grao Bioloxía

Tutora: Marisa Castro

Facultad de Biología

Universidad de Vigo.

No Campus Universitario As Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo, o alto grao de alteración do solo, sumado á notable presenza de flora exótica introducida e ás características climáticas da zona, explican o establecemento e dispersión de ata 32 especies exóticas de plantas invasoras ou potencialmente invasoras.

Ao longo deste traballo púidose analizar e avaliar o status actual da flora invasora no Campus. Elaborouse un catálogo e un mapa, xeolocalizando cada especie coas súas poboacións máis importantes, ademais dunha análise de riscos para elaborar unha proposta de Plan Estratéxico de Actuación Inmediata (PEAI).

Introdución

Biodiversidade é un concepto referido á variedade de vida existente no Planeta. Abarca tanto a diversidade biolóxica (diversidade de especies) como a diversidade xenética interespecifica e a ecolóxica (diversidade de ecosistemas), onde as especies interactúan entre elas e co medio físico (Hirsch, 2010).

No cume de Río de Janeiro (CDB, 1992), como obxectivos fundamentais marcáronse a conservación da biodiversidade, a utilización sostible dos seus compoñentes e a participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da utilización dos recursos xenéticos. Malia que, dende entón, a concienciación social aumentou, o ritmo de perda de biodiversidade non só non se reduciu significativamente, se non que os factores que a ameazan fóronse intensificando. É o caso das invasións biolóxicas causadas polas Especies Exóticas Invasoras (EEI), un dos 5 principais factores que minan a biodiversidade (Hirsch, 2010).

Considérase exótico a calquera taxón introducido, de maneira deliberada ou accidental e como consecuencia dunha actividade antrópica, nunha zona que non forma parte da súa área de distribución natural. Poden ser especies, subespecies ou calquera outro rango inferior (inclusive unha parte do mesmo: sementes, propágulos...) sempre que teña potencial para sobrevivir e reproducirse (IUCN, 2000).

Referíndose á flora, pódense definir diferentes tipos de plantas exóticas segundo o seu comportamento biolóxico e ecolóxico despois de ser introducidas:

1. Plantas exóticas non naturalizadas: necesitan repetidas introducións para a súa persistencia. Poden ser subespontáneas, se fuxiron dun cultivo, ou adventicias, se a introdución foi accidental (Campos y Herrera, 1997).
2. Plantas exóticas naturalizadas ou alóctonas: aquelas especies que manteñen poboacións durante varias xeracións reproducíndose de forma autónoma. Cando producen un gran número de novos individuos reprodutores e teñen potencial para propagarse á conta de desprazar á flora autóctona, denomínanse plantas invasoras.

Segundo a IUCN (2000), invasora é aquela especie alóctona que «se establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural; é un axente de cambio e ameaza a diversidade biolóxica nativa».

Con todo, cando unha especie é introducida nun novo ecosistema, o máis habitual é que non progrese, xa que as condicións bióticas e abióticas da nova área non teñen por que ser adecuadas para o seu desenvolvemento. Crese que soamente o 10 % dos taxa introducidos («regra do 10 %») adáptanse para naturalizarse exercendo presión sobre o resto de flora e fauna (Williamson e Fitter, 1996). É nestes casos cando desenvolven un comportamento especialmente agresivo denominado carácter invasor. Aínda que non exista unha razón única para xustificar este carácter, existe un patrón de atributos que adoitan presentar as especies que o desenvolven, como por exemplo altas taxas de reprodución e crecemento ou a produción de substancias alelopáticas (González Costales, 2007).

As invasións biolóxicas son procesos complexos nos que inflúen diferentes factores, e principalmente presentan tres fases:

1. Introducción da especie nunha nova zona allea á súa área de distribución natural.
2. Naturalización: a especie establécese, pero sen experimentar ningunha expansión.
3. Invasión: incremento considerable do tamaño das poboacións e da área de distribución, competindo e desprazando a outras especies autóctonas.



Figura 1. *Acacia dealbata* nos montes lucenses (fonte: <http://www.apinguela.com/Plantas>)

A introdución de plantas exóticas tiña, historicamente, a finalidade de cubrir necesidades agrícolas, forestais ou outras de uso directo (fig. 1). En épocas máis recentes, as introducións asóciase, sobre todo, ao comercio de plantas ornamentais (Ziller, 2001), en menor medida á introdución accidental debido á trasfega dos medios de transporte e moito menos á dispersión por zoocoria.

O Campus Universitario As Lagoas-Marcosende (fig. 2) sitúase na parroquia de Zamáns (42° 10' N, 8° 41' W), a unha altitude que varía entre 390 e 485 metros. Abarca unha extensión aproximada de 138 hectáreas que sufriu constantes alteracións dende que se construíu o Colexio Universitario de Vigo (CUVI) e sobre todo a partir de 1990, cando comezou o desenvolvemento urbanístico para a construción das distintas facultades e infraestruturas da Universidade de Vigo.



Figura 2. Vista aérea do Campus Universitario As Lagoas-Marcosende (OMA, 2007)

No ano 1994, as plantacións de piñeiros foron deforestadas e as brañas ou turbeiras perdéronse polos movementos de terra, a drenaxe e a compactación do solo debido ao uso de maquinaria pesada, provocando un punto de inflexión na integridade ecolóxica do Campus. Con todo, aínda permanecen hábitats de interese nos que existe unha gran diversidade de fauna e flora: 20 especies de mamíferos e 70 de aves, 514 especies de plantas, máis dun centenar de macromicetos e endemismos como a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*) ou o toxo portugués (*Ulex micranthus*) (OMA, 2017).

A vexetación está composta principalmente por formacións arbóreas autóctonas, como carballeiras (*Quercus robur* L.) e ripisilvas de salgueiros (*Salix atrocinera* Brot.) e ameneiros (*Alnus glutinosa* Gaertn.), asentadas sobre matos autóctonos de toxos (*Ulex* sp. pl.), breixos (familia *Ericaceae*) e xestas (*Cytisus* sp. pl.), así como outras especies cultivadas. Nela ten unha notable presenza a flora exótica introducida, de maneira que cada vez son máis as especies que, favorecidas pola suave climatoloxía e o alto nivel de alteración do solo, desenvolven carácter invasor, ameazando a integridade ecolóxica da zona.

Por iso, o obxectivo principal exposto para este traballo é realizar un estudo relativo a situación da «flora invasora» do Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, co fin último de realizar o inventario de flora invasora, situar as poboacións máis importantes e propoñer un plan estratéxico para levar a cabo unha actuación inmediata.

Metodoloxía

Para comezar levouse a cabo unha revisión bibliográfica referente a «flora exótica invasora» tanto a nivel local e galego, como a nivel nacional e internacional, así como unha recompilación de información sobre as condicións ecolóxicas do Campus: solo, clima, distribución da vexetación, etc.

Analizouse a base de datos da Oficina de Medio Ambiente (OMA, 2017), que serviu como base para a elaboración dun primeiro catálogo de flora invasora, o cal foi incluído nunha nova base de datos exclusiva para especies exóticas. Nesta base de datos, actualizada nomenclaturalmente por «Index Kewensis» (2017), especificase información referida á procedencia, data e lugar de introdución, nomes comúns en galego e castelán, problemática e status actual no Campus. Para formalizar esta revisión tomáronse como referencia os traballos de Fagúndez Díaz e Barrada Beiras (2007) para Galicia e os de Sanz Elorza *et al.* (2004), González Costales (2007) e Campos e Herrera (2010) a nivel ibérico, ademais da información subministrada polos servicios medioambientais de Universidade de Vigo.

Paralelamente realizáronse, durante os meses de maio, xuño e xullo, varias mostraxes para localizar as especies xa coñecidas e detectar a presenza doutras non incluídas no catálogo da OMA. Durante as mostraxes xeolocalizáronse, mediante un dispositivo GPS (Garmin eTrex Venture HC), as poboacións máis importantes de cada unha das especies, representadas posteriormente nun mapa do Campus (Fig. 3).

Por último, levouse a cabo unha «Análise de Riscos (AR)» (Capdevila Argüelles *et al.*, 2006) para a proposta dun «Plan Estratéxico de Actuación Inmediata (PEAI)», no que se analiza a situación de cada taxon e recoméndanse medidas de control específicas.

Descrición da zona de estudo

Factores coma o clima, a hidroloxía ou a xeoloxía teñen moita relevancia no establecemento de especies vexetais, xa que van determinar o tipo de solo. Estes factores cobran especial importancia á hora de explicar a presenza de plantas con carácter invasor no Campus.

A climatoloxía da zona establécese entre os macrobioclimas «temperado» e «temperado submediterráneo» (Rivas Martínez, 2007; Rodríguez Guitián e Ramil-Rego, 2007), xa que parece existir unha influencia clara do macrobioclima «mediterráneo». Ao atoparse preto da costa, o mar exerce un efecto suavizante (Rodríguez Guitián e Ramil-Rego, 2007) aumentando o grado de humidade mediante néboas invernales, formadas pola evaporación procedente do mar. As precipitacións son abundantes durante todo o ano (2.037 mm), sendo xaneiro a febreiro os meses de maio pluviosidade (280 mm),

mentres xullo e agosto son os meses máis secos (35 mm).

O solo do Campus está formado na súa maior parte por rocas metamórficas alteradas cun comportamento similar ao de solos areosos e areoso-arxilosos, predominando os procesos de escorrentía fronte á infiltración. Nas zonas máis planas, a drenaxe do solo redúcese considerablemente, dando lugar a asolagamentos e á formación de pequenas lagoas (algunhas artificiais) que dan nome ao lugar.

As benignas condicións climáticas, o efecto suavizante do mar e o alto grao de alteración do solo, fan do Campus un lugar moi adecuado para a naturalización e proliferación de plantas exóticas. Na actualidade existen un total de 138 especies e, aínda que a maioría non son problemáticas, algunhas desenvolven carácter invasor e representan unha ameaza real para a integridade ecolóxica do Campus e de áreas lindeiras.

Resultados e Discusión

No Campus existen, actualmente, 32 especies catalogadas como invasoras ou potencialmente invasoras tanto para Galicia como para o resto da Península Ibérica (Sanz Elorza *et al.*, 2004; Fagúndez Díaz e Barrada Beiras *et al.*, 2007; Capdevila Argüelles *et al.*, 2012).




Figura 3. Lenda de símbolos (IP = Índice de Prioridade) e lista de especies indicando a súa ubicación: 1. *Acacia melanoxylon*, 2. *Acacia dealbata*, 3. *Cortaderia selloana*, 4. *Acacia retinodes*, 5. *Oenothera glazioviana*, 6. *Persicaria capitata*, 7. *Arundo donax*, 8. *Robinia pseudoacacia*, 9. *Arctotheca calendula*, 10. *Eucalyptus globulus*, 11. *Helichrysum foetidum*, 12. *Phytolacca americana*, 13. *Tradescantia fluminensis* y 14. *Zantedeschia aethiopica*.

Das 32 especies, 25 delas foron introducidas na zona de estudo de forma natural, aínda que a súa introdución en Galicia responde fundamentalmente a fins ornamentais e forestais. As 7 restantes foron plantadas polo Servicio de Xardinería da Universidade de Vigo como especies ornamentais.

Máis da metade das especies (18) no presenta carácter invasor na actualidade, aínda que en determinadas condicións poderían chegar a desenvolvelo. Noutras palabras, son potencialmente invasoras, polo que convén sometelas a seguimento e control.

A problemática radica nas 14 especies que desenvolveron carácter invasor no Campus (Táboa 1), para as cales se propuxo un Plan Estratéxico de Actuación Inmediata (PEAI). Dentro do PEAI, a cada especie asignóuselle un Índice de Prioridade (IP) que oscila de 1 a 3, e que se estableceu en función do seu grao de impacto sobre a biodiversidade, tanto en Galicia coma particularmente no Campus. Estes datos están apoiados tanto na clasificación existente para Galicia realizada por Fagúndez Díaz y Barrada Beiras (2007), coma nas anotacións dos servizos medioambientais da Universidade de Vigo e na propia experiencia obtida durante o desenvolvemento do estudo.

Táboa 1. Clasificación das plantas invasoras do Campus dentro do PEAI: Índice de Prioridade (PI), alto impacto en Galicia (AIG), alto impacto no Campus (AIC) e especies.

Táboa 1. Clasificación das plantas invasoras do Campus dentro do PEAI: Índice de Prioridade (PI), alto impacto en Galicia (AIG), alto impacto no Campus (AIC) e especies.

IP	AIG	AIC	Especie
1	SI	SI	<i>Acacia melanoxylon</i> R. Br. <i>Acacia dealbata</i> Link. <i>Cortaderia selloana</i> (Schult. & Schult. F.) Asch. & Graebn.
2	NO	SI	<i>Acacia retinodes</i> Schldt. <i>Oenothera glazioviana</i> Micheli in Mart. <i>Persicaria capitata</i> (Buch.-Hamilton ex D. Don) H. Gross.
3	SI	NON	<i>Arundo donax</i> L. <i>Robinia pseudoacacia</i> L. <i>Arctotheca calendula</i> (L.) Levyns <i>Eucalyptus globulus</i> Labill. <i>Helichrysum foetidum</i> (L.) Moench <i>Phytolacca americana</i> L. <i>Tradescantia fluminensis</i> Vell. <i>Zantedeschia aethiopica</i> (L.) Spreng.

